




**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DA XESTIÓN E O DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS NA CONTORNA LABORAL**

Lugo, a 8 de abril de 2021

**REUNIDOS**




Dunha parte, **DON JAIME LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ**, maior de idade, con D.N.I. 33.329.670-W, como representante legal, en calidade de Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo con enderezo en Praza de Santo Domingo, 6-8, 2ª Planta, 27.001 de Lugo, e C.I.F. G-27.019.793.

Doutra, **DONA Mª ROSA ÁLVAREZ PRADA** maior de idade, con DNI 34947079M, DECANA do COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (con enderezo en rúa Espiñeira número 10, baixo, CP 15706, Santiago de Compostela, e C.I.F. Q1500265B), e a súa representante legal de acordo ao artigo 24.1.a) dos seus Estatutos (Decreto 46/2021, do 4 de marzo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia).

Ambas partes recoñécense mutuamente con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio e, a tal efecto,

**MANIFESTAN**



**PRIMEIRO.-** Que a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), en calidade de organización representativa do tecido empresarial da provincia, ten competencias recoñecidas para o apoio e colaboración con outras institucións e entidades, públicas e privadas, para a fomento e promoción do emprendemento, o asesoramento empresarial e a formación, entre outros.

**SEGUNDO.-** Que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) considera de interese a promoción do emprendemento e o apoio a iniciativas e actuacións no marco da mellora da xestión empresarial, en concreto no eido dos modelos organizativos, a xestión da seguridade e saúde laboral e a xestión de recursos humanos.

A tal fin, acordan colaborar en iniciativas e proxectos que fomenten o emprego, apoiem o tecido empresarial e contribúan ao desenvolvemento socioeconómico da provincia.

**TERCEIRO.-** Que, dada a concorrencia dos obxectivos que perseguen, ambas as dúas entidades apostan decididamente pola colaboración co propósito de mellorar o

cumprimento dos seus respectivos fins e funcións e, en especial, aqueles que fagan posible o fomento, a promoción e o desenvolvemento de proxectos empresariais na nosa contorna.


Polo exposto, formalizan este convenio con arranxo ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O presente CONVENIO ten por obxecto establecer un marco específico de colaboración que regule as relacións entre a CEL e o COPG para a promoción do emprendemento, do asesoramento técnico ao tecido empresarial e a formación, nos ámbitos de actuación de ambas entidades.

**SEGUNDA.-** O presente CONVENIO obriga ás partes asinantes a prestar a adecuada colaboración para conseguir o mellor logro das fins perseguidas.

**TERCEIRA.-** A CEL, comprométese a achegar os recursos materiais, técnicos e humanos dependentes da súa organización, e a realizar as seguintes actuacións:

- 
- a) Realizar actividades de información, asesoramento e formación, que vaian encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial.
  - b) Atender individualmente ás persoas que así o soliciten, coa finalidade de fomentar o autoemprego, con especial atención aos colectivos con dificultades de acceso ao mundo laboral ou en situacións de risco de exclusión social.
  - c) Realizar charlas informativas sobre o emprendemento en particular e a xestión empresarial en xeral, para mostrar ás persoas destinatarias aqueles coñecementos concretos e necesarios sobre a constitución, funcionamento e organización dunha empresa.
  - d) Impartir sesións de orientación dirixidas ás persoas interesadas na creación e posta en marcha da súa propia empresa, co fin de acceder ao mercado laboral ou mellorar as súas condicións nel.
  - e) Contribuír á difusión e dinamización deste convenio, para unha correcta implementación e aproveitamento do mesmo.
  - f) Calquera outra actividade, que na liña das anteriores e como complemento das mesmas, puidese contribuír a unha mellora do tecido empresarial.

**CUARTA.-** O COPG comprométese a achegar os recursos materiais, técnicos e humanos dependentes da súa organización, e a realizar as seguintes actuacións:

- a) Poñer en valor, cando realice actividades de información, asesoramento e formación, que vaian encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial daquelas persoas que opten por autoempregarse.
- b) Promover a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.
- c) Proporcionar asesoramento no deseño de programas de información e formación relacionados coa xestión empresarial, a prevención de riscos laborais, a xerencia de

recursos humanos e calquera outro relativo ao ámbito de competencia da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular.

- d) Organizar actividades de orientación sociolaboral dirixidas á mellora das competencias para a procura de emprego e o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras.
- e) Identificar boas prácticas na xestión de persoas nas organizacións, particularmente, entre aquelas que potencien a dimensión psicolóxica do traballo.
- f) Contribuír á difusión e dinamización deste convenio, para unha correcta implementación e aproveitamento do mesmo.
- g) Calquera outra actividade, que na liña das anteriores e como complemento das mesmas, puidese contribuír a unha efectiva inserción no mundo laboral de calquera persoa en Galicia.

**QUINTA.-** A CEL e o COPG comprométense a manter periódicamente reunións, co fin de facilitar a relación e colaboración entre ambos, resolver os posibles problemas que poidan xurdir na execución do presente CONVENIO e impulsar a materialización efectiva do seu contido.

**SEXTA.-** O presente ACORDO entrará en vigor o día seguinte á súa firma e terá unha duración dun ano a contar desde esa data, prorrogándose tacitamente por períodos de igual duración, salvo que sexa denunciado por calquera das partes, manifestando a súa vontade de resolvelo con dous meses de antelación á data de terminación do prazo inicialmente pactado ou de calquera das súas prórrogas.

En proba de conformidade e aceptación de todo o expresado, ambas entidades asinan o presente convenio, por duplicado.

Pola CEL

Jaime Luis López Vázquez  
Secretario Xeral



Polo COPG

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada  
Decana

